


28-12-2011

**INFORME VALORATIVO DAS OFERTAS  
PRESENTADAS NO SOBRE 3 NA LICITACIÓN  
CON/58/2011**



1. INTRODUCCIÓN .....
2. OFERTAS OBXECTO DE VALORACIÓN .....
3. CADRO RESUMO DE PUNTUACIÓNS DE CRITERIOS MATEMÁTICOS .....
4. CADRO RESUMO DE PUNTUACIÓNS TOTAIS E CONCLUSIÓNS .....



## CONCELLO DE SANTIAGO

### 1.- INTRODUCCIÓN:

É obxecto do presente informe a análise e puntuación dos criterios de valoración matemática contidos no artigo 10.3.a) do prego de cláusulas que rexe a licitación dos " Servizos auxiliares externos precisos de control interno e elaboración de diagnóstico económico financeiro complementario así como proxección da estrutura de gastos e ingresos do Concello de Santiago para o período 2012-2015 e a elaboración dun plan director para a mellora do Concello de Santiago" que sobre un total de 50 puntos se distribúen do seguinte xeito:

**1. Prezo do contrato: ata 35 puntos.**

Outorgarase a máxima puntuación á oferta máis económica, valorándose as restantes de xeito proporcional.

O orzamento máximo de licitación, segundo o establecido na cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas particulares, ascende a 124.000,00 euros, sen IVE, ascendendo o mesmo a 22.320,00 euros.

Total, con IVE: 146.320,00 euros.

**2. Prazo de execución: ata 15 puntos.**

Outorgarase a máxima puntuación á oferta que ofrezca un menor prazo de execución, valorándose as restantes de xeito proporcional.

O prazo de execución, segundo o establecido na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, será de 20 semanas a contar desde o día seguinte á formalización do contrato.

### 2.- PROPOSTAS PRESENTADAS

2.1. De conformidade coa acta a da mesa de contratación para a apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa aos criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes da licitación, realizada o pasado 21 de novembro de 2011 as ofertas presentadas foron as seguintes:

**DELOITTE SL**

**PRICEWATERHOUSECOOPERS AUDITORES SL**

**UTE AUDICON –SACE SL**



**CONCELLO DE  
SANTIAGO  
BDO AUDITORES SL**

**ATD AUDITORES SECTOR PUBLICO SL.**

2.2. Emitidos os informes técnicos correspondentes, a mesa de contratación realizada o pasado 23 de decembro de 2011, acordou excluír as ofertas das seguintes empresas:

**DELOITTE SL**

**UTE AUDICON –SACE SL**

**BDO AUDITORES SL**

2.3. Na mesma mesa procedeuse á avaliación dos criterios de valoración técnica dependentes dun xuízo de valor, de conformidade cos informes técnicos emitidos, acadando as empresas non excluídas a seguinte puntuación:

| LICITADOR                           | PUNTUACIÓN |
|-------------------------------------|------------|
| PRICEWATERHOUSECOOPERS AUDITORES SL | 28,50      |
| ATD AUDITORES SECTOR PUBLICO SL.    | 19,50      |

2.4. Seguidamente, procedeuse á apertura en acto público dos sobre número tres, que contén os criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes; as empresas admitidas presentan as ofertas que a continuación se describen:


**PRICEWATERHOUSECOOPERS AUDITORES SL.**

Presentan declaración responsable de veracidade dos datos, con indicación da documentación presentada, asinada polo licitador.

1. Prezo do contrato: 86.800 euros, sen IVE.  
IVE (18%): 15.624 euros  
Total oferta económica: 102.424,00 euros.  
Importe da baixa: 43.896,00

2. Prazo de execución:

1. Control interno, diagnóstico e proxección, 30 de decembro de 2011.



## CONCELLO DE SANTIAGO

2. Revisión de contas 2010 e regularización do inventario contable: 8 semanas dende a formalización do contrato.
3. Plan director e Plan de Mellora: 14 semanas dende a formalización do contrato.

Supón unha redución de seis semanas sobre o establecido no prego.

### ATD AUDITORES SECTOR PÚBLICO SL

A documentación preséntase subscrita na súa totalidade polo licitador.

1. Prezo do contrato: 88.900,00 euros, IVE non incluído.  
IVE (18%): 16.002,00 euros.  
Total oferta económica: 104.902,00 euros.  
Importe da baixa: 41.418,00 euros.

2. Prazo de execución: 18 semanas a contar dende o día seguinte á formalización do contrato.

Supón unha redución de dúas semanas sobre o establecido no prego.

2.5 A valoración das ofertas presentadas é a que de seguido se indica, para cada un dos criterios de valoración matemática:

### PREZO DO CONTRATO

Para a valoración do prezo e coa finalidade de outorgar a máxima puntuación á oferta máis económica e ó resto en proporción a esta, empregárase a fórmula seguinte:

$$Z \times \frac{P - O}{P - BM}$$

- Z = Máxima puntuación outorgada a este criterio.  
P = Presuposto máximo de licitación.  
O = Oferta económica que se avalía.  
BM = Oferta económica máis baixa presentada.

Aplicando a fórmula a cada unha das ofertas presentadas, obtemos a puntuación seguinte:

### PRICEWATERHOUSECOOPERS AUDITORES SL

$$35 \times \frac{146.320 - 102.424}{146.320 - 102.424} = 35 \text{ PUNTOS}$$



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**ATD AUDITORES SECTOR PUBLICO SL.**

$$35 \times \frac{146.320 - 104.902}{146.320 - 102.424} = 33,02 \text{ PUNTOS}$$

**PRAZO DE EXECUCIÓN**

Para a valoración do prazo e coa finalidade de outorgar a máxima puntuación á oferta que presenta un menor prazo de execución e ó resto en proporción a esta, empregárase a fórmula seguinte:

$$Z \times \frac{P - O}{P - BM}$$

- Z = Máxima puntuación outorgada a este criterio.  
P = Prazo de realización dos traballos segundo cláusula 9 do prego.  
O = Prazo ofertado evaluado.  
BM = Prazo ofertado que presenta maior redución.

**PRICEWATERHOUSECOOPERS AUDITORES SL**


$$15 \times \frac{20 - 14}{20 - 14} = 15 \text{ PUNTOS}$$

**ATD AUDITORES SECTOR PUBLICO SL.**

$$15 \times \frac{20 - 18}{20 - 14} = 5 \text{ PUNTOS}$$

**3. CADRO RESUMO DE PUNTUACIÓNS DE CRITERIOS MATEMÁTICOS**

|   | <b>ATD AUDITORES<br/>SECTOR PÚBLICO,<br/>S.L.</b> | <b>PRICEWATERHOUSECOOPERS<br/>AUDITORES, S.L.</b> |
|---|---|---|
| Prezo do contrato   | 33,02   | 35  |
| Prazo de execución  | 5   | 15  |
| <b>TOTAL PUNTUACIÓN EN<br/>CRITERIOS DE VALORACIÓN<br/>MATEMÁTICA</b> | <b>38,02</b>                                      | <b>50</b>   |



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**4. CADRO RESUMO DE PUNTUACIÓNS TOTAIS E CONCLUSIÓN**

|  | <b>ATD AUDITORES<br/>SECTOR PÚBLICO,<br/>S.L.</b> | <b>PRICEWATERHOUSECOOPERS<br/>AUDITORES, S.L.</b> |
|--|---|---|
| Plan de traballo ofertado polo licitador   | 6,50  | 10  |
| Equipo de traballo adscrito directamente á execución do contrato                       | 6   | 8.50  |
| Control e Seguimento dos traballos   | 7   | 10  |
| <b>TOTAL PUNTUACIÓN CRITERIOS DE VALORACIÓN TÉCNICA DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR</b> | <b>19,50</b>                                      | <b>28,50</b>                                      |
| Prezo do contrato  | 33,02   | 35  |
| Prazo de execución   | 5   | 15  |
| <b>TOTAL PUNTUACIÓN NOS CRITERIOS DE VALORACIÓN MATEMÁTICA</b>                         | <b>38,02</b>                                      | <b>50</b>   |
| <b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>  | <b>57,52</b>                                      | <b>78,50</b>                                      |

Por todo o anteriormente indicado, considérase que a oferta máis vantaxosa, derivada da asignación de puntuación de conformidade co sinalado na cláusula 10.3 do prego respecto dos distintos criterios de adxudicación é a presentada pola empresa PricewaterhouseCoopers Auditores, S.L.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2011,


A VICEINTERVENTORA MUNPAL

A XEFE DE SERVIZO DE CONTRATACIÓN E  
SERVIZOS COMUNITARIOS



23.12.2011

**INFORME VALORATIVO DAS OFERTAS  
PRESENTADAS NO SOBRE B NA LICITACIÓN  
CON/58/2011**




**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **INDICE**

**1. INTRODUCCIÓN**

**2. OFERTAS PRESENTADAS** .....

**3. CADRO RESUMO DE PUNTIJACIÓNS  
E CONCLUSIÓN** .....



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **1.- INTRODUCCIÓN:**

É obxecto do presente informe a análise e puntuación dos criterios de valoración técnica dependentes dun xuízo de valor contidas no artigo 10.b) do prego de cláusulas que rexe a licitación dos “ Servizos auxiliares externos precisos de control interno e elaboración de diagnóstico económico financeiro complementario así como proxección da estrutura de gastos e ingresos do Concello de Santiago para o período 2012-2015 e a elaboración dun plan director para a mellora do Concello de Santiago” que sobre un total de 30 puntos se distribúen do seguinte xeito:

**1. Plan de traballo : ata 10 puntos.**

Neste apartado valorarase se a oferta recolle unha visión integrada da problemática e alcance dos traballos que se contratan , valorando igualmente aqueles aspectos relativos ao deseño, metodoloxía e cronograma ofertados.

**2. Equipo de traballo adscrito directamente á execución do traballo: ata 10 puntos.**

Neste apartado valorarase o equipo de persoas ofertado polo licitador para a realización dos traballos atendendo á súa titulación académica, experiencia en traballos similares, formación en tecnoloxías da información e demais aspectos relevantes para a execución dos traballos.

No relativo á titulación académica tivéronse en conta os requirimentos establecidos nas normas de auditoría do sector público ( Resolución 1/02/1998, art.4.1.3)

**3. Control e seguimento dos traballos: ata 10 puntos.**

Neste apartado teranse en conta ferramentas, métodos e técnicas relativas ao seguimento e control do proxecto ou contrato no seu conxunto.

## **2.- PROPOSTAS PRESENTADAS**

De conformidade coa acta a da mesa de contratación para a apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa aos criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes da licitación, realizada o pasado 21 de novembro de 2011 as ofertas presentadas obxecto de avaliación son as seguintes:

**DELOITTE SL**

**PRICEWATERHOUSECOOPERS AUDITORES SL**

**UTE AUDICON –SACE SL**



## CONCELLO DE SANTIAGO

**BDO AUDITORES SL**

**ATD AUDITORES SECTOR PUBLICO SL.**

2.1- Con carácter previo á realización da valoración pormenorizada da documentación aportada polas empresas licitadoras se fai constar o seguinte:

### **BDO AUDITORES SL**


O prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, determina no seu artigo 13.3 , referido ao contido do sobre nº2, que *"...Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscripta na súa totalidade polo licitador ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare , baixo a súa responsabilidade ser certos os datos achegados."*

Examinada a oferta desta empresa obsérvase que a documentación aportada neste sobre non está firmada por persoa responsable en ningunha das súa páxinas nin se acompaña da relación dos documentos que a integran debidamente asinada, polo que en cumprimento do establecido no prego non pode ser tida en conta na valoración.

Por outra banda, no apartado relativo ao Plan de Traballo, incorpórase un cronograma que revela o prazo de execución ofertado, que se establece en 20 semanas.

Tendo en conta que a redución do prazo de execución é un criterio de valoración matemática contemplado no punto a) do artigo 10.3 do prego e ao que se lle asignan 15 puntos dun total de 50, a documentación acreditativa deste debe incluírse no sobre nº3 denominado "Proposición económica e oferta relativa aos criterios de valoración matemática", cuxa apertura realizarase nun acto público posterior á emisión do presente informe segundo establece o artigo 134.2 da LCSP e o propio prego.

Á vista de canto antecede , a xuízo de quen subscribe procede a exclusión da oferta posto que o coñecemento da precitada documentación á hora de realizar este informe implicaría alterar o principio de secreto das proposicións , as garantías que se deben gardar respecto ao orde cronolóxico en que se deben valorar os criterios e os principios de igualdade de trato e non discriminación.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **UTE AUDICON-SACE SL**

Examinada a oferta desta empresa obsérvase que dentro da documentación presentada para a valoración do criterio denominado Plan de Traballo, incorpórase un cronograma que revela o prazo de execución ofertado polo licitador, toda vez que indica expresamente que na fase I empregarán 12 semanas e na fase II empregarán 15 semanas o cal implica unha redución do prazo de execución fixado no prego.

Tendo en conta que a redución do prazo de execución é un criterio de valoración matemática contemplado no punto a) do artigo 10.3 do prego e ao que se lle asignan 15 puntos dun total de 50, a documentación acreditativa deste debe incluírse no sobre nº3 denominado “Proposición económica e oferta relativa aos criterios de valoración matemática”, cuxa apertura realizarase nun acto público posterior á emisión do presente informe segundo establece o artigo 134.2 da LCSP e o propio prego.

Á vista de canto antecede, a xuízo de quen subscribe procede a exclusión da oferta posto que o coñecemento da precitada documentación á hora de realizar este informe implicaría alterar o principio de secreto das proposicións, as garantías que se deben gardar respecto ao orde cronolóxico en que se deben valorar os criterios e os principios de igualdade de trato e non *discriminación*.

## **DELOITTE, S.L.**

Tendo en conta os argumentos e conclusións expostas no informe de Intervención de data 23 de decembro de 2011, procede a exclusión da oferta presentada pola empresa DELOITTE, S.L..

## **PRICEWATERHOUSECOOPERS AUDITORES SL.**

### **1. Plan de Traballo :**

a) Contido da oferta:

**Alcance do Plan** Comunicación interna e accións conxuntas a desenvolver nos traballos de diagnóstico económico financeiro e do plan director de mellora (chamado "puntos de consenso e revisión conxunta entre equipos").

- Exposición clara dos obxectivos perseguidos ("mellor uso de los recursos públicos (austeridade, racionalización y sostibilidade del gasto"; "más transparencia y participación cidadá"; "mellores servizos para los cidadáns") e alcance dos traballos a desenvolver.

- Na realización dos traballos auxiliares de control interno e os relativos ao informe complementario, describe os procesos a desenvolver para a realización do obxecto do contrato, con mención expresa do cadre do inventario xeral da entidade co inventario contable que serve de soporte ao balance, incluíndo análise de alternativas para a regularización deste último. Mostra coñecemento sobre a materia a analizar.

No Plan Director concrétese na realización dun diagnóstico global do Concello e dun tripla diagnóstico con propostas de mellora para cada concellería , describindo a estrutura e competencias , servizos ofertados , procedementos e sistemas de información e IT das diferentes concellerías.

**Metodoloxía** : distingue, por unha banda, entre os traballos auxiliares de control interno e elaboración dun diagnóstico económico-financieiro complementario e proxección de ingresos e gastos para o período 2012-2015 e, por outra banda, o deseño e desenvolvemento do plan director para a mellora do Concello de Santiago.

Nos primeiros, os traballos desenvólvense nas fases de: análise preliminar, planificación e elaboración dun plan de traballo (con sometemento á aprobación da Intervención Xeral do Concello), execución e conclusións (neste último, con elaboración de informes no curso do desenvolvemento dos traballos e en relación a cada unha das áreas examinadas). No Plan Director o proxecto desenvólvese en tres fases máis unha previa de lanzamento : diagnóstico, identificación de oportunidades de mellora e plan de melloras con presentación de actuacións detalladas por tarefas e resultados nos ámbitos arriba indicados para cada concellería.

**Cronograma:** Inicio de ambos proxectos de xeito conxunto se ben se determinan duracións distintas cuxos prazos se detallan no sobre 3. As actuacións se definen a corto e medio prazo.

b) Valoración:

A proposta da empresa parte do análise integral da organización para definir obxectivos estratéxicos xerais e específicos no corto e medio prazo especificando resultados medibles a executar cos recursos dispoñibles. Na fase de identificación de oportunidades de mellora resulta destacable a proposta en relación coas posibilidades de obter ingresos y/o reducir custes mediante unha mellor explotación do bens inmobles, así como a análise comparativa dos servizos e funcións orientados a identificar oportunidades de racionalización en posibles

actividades solapadas. Considérase unha proposta adaptada aos fins definidos no prego técnico cuxa concepción global está ben resolta.

## **2. Equipo de Traballo :**

### **a) Contido da oferta:**

Presenta un equipo multidisciplinar integrado por 14 persoas, auditores e consultores baixo a coordinación dun responsable do proxecto que conta con ampla experiencia en auditorías do sector público e privado.

O equipo de consultoría intégrase por dous inxeñeiros de telecomunicacións, un inxeñeiro de sistemas e dous licenciados en dereito , todos con experiencia no ámbito de diagnósticos organizativos, reinxeñería de procesos e modernización das AAPP.

#### Puntos fortes do equipo de traballo:

- Con coñecemento contabilidade e auditoría (inscripción en ROAC).
- Con coñecemento de administración pública (algún procedente do ámbito da Administración Pública).
- Inclúe licenciados en dereito.
- Inclúe persoal con especialización en procesos informáticos.
- Inclúe un master en Recursos Humanos.

#### Puntos débiles do equipo de traballo:

A experiencia no sector local non figura excesivamente detallada, referíndose esta experiencia á da propia empresa, e non ás persoas asignadas expresamente á realización dos traballos.


### **b) Valoración:**

Considérase adecuado e suficiente o equipo proposto en canto a titulación e experiencia en traballos similares. Equipos de traballo ben organizados e diferenciados para cada un dos proxectos que integran o obxecto do contrato. Refírese as áreas de formación do equipo así como unha experiencia xenérica que non se concreta, para cada un dos membros, en traballos específicos vinculados ao obxecto do contrato

No se detalla o grado de dedicación ao traballo de cada un dos seus membros pois só se fala dun "firme compromiso de dedicación de horas reais e de calidade".

## **3. Control e Seguimento dos Traballos:**

### **a) Contido da oferta:**



## CONCELLO DE SANTIAGO

Plantexase o seguimento e control a través dunha Oficina de Xestión do Proxecto. A metodoloxía de control responde aos estándares do Project Managemnt Institute.

Prevese a constitución dun comité de dirección e un comité de seguimento por subproxecto.

Emprego de ferramentas informáticas específicas para a planificación , xestión e documentación dos traballos de xeito electrónico en tempo real. Os software propostos son : PWC MAP,PWC MY CLIENT, MICROSOFT PROJECT , RETAIN.

O control de calidade desenvólvese mediante manuais revisado e actualizados. O sistema de aseguramento da calidade realízase a través dun sistema específico de Xestión do Coñecemento, revisións técnicas de control de calidade , auditorías internas e avaliacións do grado de satisfacción do cliente.

### b) Valoración:

Se recollen de xeito detallado os traballos a desenvolver en materia de control e seguimento das actuacións a levar a cabo . Plan completo que abarca tanto á metodoloxía dos traballos como ás relacións do equipo co cliente. Ferramentas informáticas de apoio.

## ATD AUDITORES SECTOR PÚBLICO SL.

### 1. Plan de Trabajo :

#### a) Contido da Oferta:

**Alcance do Plan** : concrétase na análise previa e pormenorizada da estrutura do Concello así como a análise de funcionamento a través do estudio do catálogo de servizos, recursos humanos e posibles ineficiencias.

O Plan Director abordará un diagnóstico global do Concello e un tripla diagnóstico de cada concellería : estrutura e competencias, servizos e procedemento e IT e activos, tal e como establece o prego.

**Metodoloxía:** Aplica programas de traballo propios a partir da fusión de estándares de análise e revisión de sistemas con métodos de auditoría, se ben centra a oferta no diagnóstico de sistemas que define de xeito detallado , deixando nun segundo plano os diagnósticos de estrutura, servizos e procedementos.

**Cronograma:** Inicio de ambos proxectos de xeito conxunto se ben se determinan duracións distintas cuxos prazos se detallan no sobre 3.

**b) Valoración:**

Aínda cando no alcance do Plan a oferta axústase ao prego, tal e como se indica no parágrafo precedente deixa nun segundo plano os diagnósticos de estrutura, servizos e procedementos .

**2. Equipo de Traballo.**

**a) Contido da oferta :**

Presenta un equipo de 10 auditores con experiencia en auditoría do sector público . Licenciados en ciencias económicas e empresariais. Detalla experiencia concreta das persoas en materias asimilables ao obxecto do contrato.

**b) Valoración:**

Como puntos fortes do equipo:

- Coñecementos en contabilidade.
- Coñecementos en informática.
- Con coñecementos de administración pública (algún procedente do ámbito da Administración Pública).
- O equipo ten ampla experiencia no sector local, especialmente no campo da auditoría.

Puntos débiles:

Ausencia de expertos en sistemas ou telecomunicacións, cuca presenza resulta relevante toda vez que integra o obxecto do contrato o diagnóstico dos sistemas de información e IT do Concello. Non se detalla o grado de dedicación ao traballo de cada un dos seus membros .

Escasa experiencia na elaboración de planes de reestruturación e modernización de AAPP.


**3. Control e seguimento dos traballos:**

**a) Contido da oferta:**

Metodoloxía propia con manuais internos. Ferramentas informáticas (MS PROJECT e OPEN PROJECT entre outros).

Aseguramento da calidade mediante comité de control que se reúne tres veces ó ano.

**b) Valoración:**



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Referenciase sistema de control e seguimento implantados na empresa non adoptados  
expecificamente a este contrato.



### 3. CADRO RESUMO DE PUNTUACIÓNS E CONCLUSIÓN

|   | ATD AUDITORES SECTOR PÚBLICO, S.L.  | PRICEWATERHOUSECOOPERS AUDITORES, S.L.   |
|---|---|--|
| Plan de traballo ofertado polo licitador (Ata 10 puntos). Deseño, metodoloxía e cronograma ofertados.   | Concreción media dos obxectivos e alcance dos traballos; centra a oferta no diagnóstico de sistemas que define de xeito detallado, deixando nun segundo plano os diagnósticos de estrutura, servizos e procedementos  | <ul style="list-style-type: none"><li>- Exposición clara dos obxectivos perseguidos e alcance dos traballos a desenvolver.</li><li>-Mostra amplos coñecemento sobre a materia a analizar</li><li>- Comunicación interna e accións conxuntas a desenvolver nos traballos de diagnóstico económico financeiro e do plan director de mellora.</li></ul> |
| <b>PUNTUACIÓN NESTE APARTADO</b>  | <b>6,50</b>   | <b>10</b>  |
| Equipo de traballo adscrito directamente á execución do contrato (Ata 10 puntos).<br><br>Titulación académica; experiencia en traballos similares, formación en tecnoloxías da información e outros | <ul style="list-style-type: none"><li>-Experiencia en auditoría do sector público</li><li>-Ausencia de expertos multidisciplinares</li><li>-Experiencia detallada</li><li>- Non se detalla porcentaxe de dedicación de cada un dos membros do equipo.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li>-Equipo con formación multidisciplinar.</li><li>- Inclúe persoal con especialización en procesos informáticos.</li><li>- Inclúe máster en Recursos Humanos.</li><li>- A experiencia referenciada é xenérica.</li><li>- Non se detalla porcentaxe de dedicación de cada un dos membros do equipo.</li></ul>     |
| <b>PUNTUACIÓN NESTE APARTADO</b>  | <b>6</b>  | <b>8.50</b>  |
| Control e Seguimento dos traballos (Ata 10 puntos). Ferramentas, métodos e técnicas relativas ao seguimento e control do proxecto ou contrato.  | Metodoloxía propia<br><br>Sistemas de control e seguimento de carácter xeral implantados na empresa   | <ul style="list-style-type: none"><li>-Se recollen de xeito detallado os traballos a desenvolver en materia de control e seguimento das actuacións a levar a cabo.</li><li>-Plan completo que abarca tanto á metodoloxía dos traballos como ás relacións do equipo co cliente.</li><li>-Ferramentas informáticas de apoio.</li></ul>                 |
| <b>PUNTUACIÓN NESTE APARTADO</b>  | <b>7</b>  | <b>10</b>  |
| <b>TOTAL PUNTUACIÓN</b>   | <b>19,50</b>  | <b>28.50</b>   |



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2011

A viceinterventora Mpal.,

A xefe de servizo de  
Contratación e servizos comunitarios ,